

Para a crítica dos modelos de análise de fluxos.

Boa parte das aportacións da teoría da “globalización” e das consideracións sobre a “sociedade da información global” recuperan concepcións da cultura semellantes ás das teorías difusionistas da antropoloxía. Polo menos, poderíase dicir que a noción de “creoulización” coa que Ulf Hannerz (1987, 1989, 1991, 1992) abordou a cuestión da globalización parece debedora ou herdeira das teorías difusionistas.

As concepcións mais simplistas da globalización a xeito de “difusión” de elementos culturais –pomos por caso, a de Malcolm Waters (2001)- poderían abordarse criticamente atendendo ás indicacións de Thomas Hylland Eriksen verbo da relación das “teorías da globalización” coas teorías difusionistas da antropoloxía.¹

Cómpre ter en conta que Eriksen (2001) apuntaba sutilmente que os defectos da teoría da globalización son os mesmos cós da teoría antropolóxica do difusionismo, pois “ninguén nega a teorías, mais hai verdadeiros problemas de verificación”. Abonda con lle botar un ollo á lista de Albrow (1996) sobre o que pode significar “ser global” ou ás moitas indicacións de Roland Robertson (1992, 1995, 2001) sobre as distintas significacións do termo global e sobre a condición caótica do concepto de globalización.

A cuestión da globalización pode entenderse a xeito de difusión de técnicas (e da correspondente influencia das técnicas na organización social), como fixo, pomos por caso, Manuel Castells (1996, 1997, 1998). A difusión técnica e mercantil pode interpretarse a xeito de desintegración dos patróns de cultura -segundo indicou Ruth Benedict (1934) e, máis recentemente, Mike Featherstone (1995), un dos promotores do debate sobre a globalización cultural.

Thomas Hylland Eriksen, revisando a noción de “cultura” nos estudos antropolóxicos iniciais e tamén nos do período das teorías do difusionismo, apuntou que “a cultura presentábase a xeito de todo integrado, compartido polo grupo e estreitamente vinculado. Qué acontece, logo, coas variacións intragrúps e qué é o que acontece coas similaridades ou contactos mutuos con grupos veciños? Qué facer cos procesos de globalización inducidos pola técnica e maila economía, procesos que aseguran que case calquera recanto do mundo está exposto, en grao diferente, a noticias sobre os campeonatos mundiais de fútbol, o traballo asalariado e o concepto de dereitos humanos?”

Eriksen (2001: 188) refírese ó diñeiro dicindo que é unha “técnica da información”, cousa que fai pensar na socioloxía sistemática e conservadora de Niklas Luhmann (1998: 99-130), que tamén falou do diñeiro a xeito de “forma de comunicación”. Por outra banda, Eriksen (2001: 188) di que a circulación do diñeiro (de uso xeral) integra culturas e poboacións nun sistema de “produción, distribución e consumo global”

Eriksen (2001: 189) salientou que as institucións sociais convírtense moitas veces en mecanismos de integración de sociedades de “pequena escala” na “grande escala”, cuestión previamente tratada por Redfield e Singer (1954). Decía Eriksen (2001: 189): “Non é de xeito ningún coincidencia que a expansión da economía monetaria adoitase ser concomitante coa difusión das institucións estatais, a alfabetización e o tempo lineal, cuantificado, que, en conxunto, poden entenderse a xeito de instrumentos de estandarización que acompañan a transición da integración da pequena escala a grande escala.”

¹ Sobre as teorías difusionistas e as súas aplicacións ós procesos de globalización, escribiu Eriksen (2001: 13): “O xurdimento da teoría sociolóxica clásica nas obras de Comte, Marx e Tönnies e, posteriormente, en Durkheim, Weber, Pareto e Simmel, dotou ós antropólogos de teorías xerais da sociedade aínda que a súa aplicabilidade a sociedades non europeas segue sendo obxecto de disputas. [...] A calidade dos datos etnográficos empregados polos primeiros antropólogos era variable. [...] As expedicións ou as investigacións sistemáticas [...] dotaron ós investigadores de principios de século dunha comprensión mellor do abano da variación cultural, que podería levar ocasionalmente á caída das ambiciosas teorías da evolución unilineal características da antropoloxía do século XIX.

Propúxose entón unha especialidade austro-xermana a xeito de alternativa e complemento do pensamento evolucionista. Era o difusionismo, a doutrina da difusión histórica de características ou elementos culturais. Aínda que nunca formou parte da corrente principal [da antropoloxía] no mundo de fala alemá, mais contou con importantes defensores no mundo de fala inglesa, incluído Rivers), as teorías máis elaboradas da difusión cultural seguiron prosperando, especialmente en Berlín e Viena, ata despois da Segunda Guerra Mundial. Ninguén negaba que houbera difusión, mais había serios problemas de verificación asociados á teoría. Na antropoloxía, o difusionismo deixou de estar de moda cando, en tempos da primeira guerra mundial, os investigadores comezaron a estudar sociedades singulares con gran detalle sen tentar describi-la súa evolución histórica. En todo caso, nos anos noventa, baixo a denominación de teoría da globalización, tornou unha tendencia reminiscente dos difusionismos, esta tendencia é un intento de comprender e describir as maneiras en que as modernas comunicacións de masas, as migracións, o capitalismo e mais outros fenómenos “globais” interactúan coas condicións locais.”

Un bo resumo sobre a teoría do difusionismo é a exposición clásica de Alfred L. Kroeber (1937).

As apreciacións de Eriksen (2001: 188-9) sobre a función das institucións na integración social de grande escala son semellantes ás de Giddens (1979, 1984) cando indicaba que algunhas institucións sociais actuaban a xeito de “fronteiras espazo-temporais” das sociedades.

As críticas de T. H. Eriksen ás teorías difusionistas da cultura implícitas en moitos escritos antropolóxicos e sociolóxicos sobre a globalización teñen precedentes nas cautelas aplicadas á noción de “fluxos culturais” polos antropólogos Robert Redfield e Milton Singer (1954). Redfield e Singer (1954: 71) criticaron a concepción mecánica (e estática) dos puntos de partida e chegada dos chamados “fluxos” culturais. Cuestionaron tamén a tipificación das “análises de fluxos”, metáfora moi presente no informe McBride (1980), na proposta de Arjun Appadurai (1990) para a análise empírica dos fenómenos algutinados na noción de “globalización cultural” ou na socioloxía de Manuel Castells (1996, 1997, 1998). Contra a concepción mecánica dos fluxos, indicaron que era necesario estudar as relacións interculturais en termos de historia socio-cultural e de procesos psicolóxicos culturais. Amais, engadiron (Redfield e Singer, 1954: 71) que “as nocións de taxa e dirección de fluxo” non contribúen ó estudo tipolóxico e evolutivo das culturas.²

Redfield e Singer (1954) xa indicaban que o suposto de que os fluxos de difusión cultural dende un centro urbano poidan cuantificarse en unidades e facerse divisibles non é realista. Cómpre facer historia social e ter en conta os procesos psicolóxicos para analizar e comprender as evolucións culturais.³ Sintéticamente, poderíamos dicir que Redfield e Singer indicaban a falta de realismo das concepcións difusionistas a cultura á hora de analizar as influencias e evolucións das diferentes culturas.

BIBLIOGRAFÍA

Albrow, M.

(1996) *The Global Age*, Cambridge: Polity.

Appadurai, A.

(1990) “Disjuncture and difference in the global cultural economy”, *Public Culture*, 2 (2), pp. 1-24.

Benedict, R.

(1934) *Patterns of Culture*, Boston: Houghton Mifflin.

Castells, M.

(1996) *The Information Age. Volume 1: The Rise of the Network Society*. Oxford: Blackwell.

(1997) *The Information Age. Volume 2: The Power of Identity*. Oxford, Blackwell.

(1998) *The Information Age. Vol. 3. End of Millennium*, Oxford: Blackwell.

Eriksen, T. H.

(2001) *Small Places, Big Issues. An Introduction to Social Anthropology*: Londres: Pluto Press.

Featherstone, M.

(1995) *Undoing Culture. Globalization, postmodernity and identity*, Londres: Sage.

Giddens, A.

(1979) *Central Problems in Social Theory*, Londres: Macmillan.

² Dicían Redfield e Singer (1954: 71): “En condicións de urbanización secundaria, os conceptos mecánicos e espaciais parecen máis apropiados porque a xente e os bens teñen máis mobilidade e o desenvolvemento técnico das canles de transporte e comunicación é tal que permite unha medida moito máis precisa das súas distribucións e “fluxos”. Mais tamén niso pode producirse que esteamos a medir só feitos físicos dos que a significación cultural segue a ser indeterminada ou, no mellor dos casos, poderíamos estar documentado só unha tendencia comercial particularmente recente, a de analizar as relacións interculturais en termos cuantitativos, abstractos e non-culturais. Asumir que haxa unha “difusión” continua e cuantitativamente divisible non é realista.”

³ Convén lembrar que nalgúns análises sobre a chamada globalización cultural e, máis concretamente, sobre os fluxos internacionais de comunicación, as críticas de Redfield e Singer, expostas xa hai máis de cincuenta anos nas análises de estudos de antropoloxía urbana, aínda non se aproveitaron. As críticas de Redfield e Singer (1954) poderían aplicarse á exitosa noción de fluxo desenvolvida na triloxía de Manuel Castells verbo da sociedade da información, onde o instrumental analítico rexeitado ou moi cuestionado nas análises nacionais parece proporse agora para comezar a investigar-lo espazo supranacional, “mundial”, “global” ou “planetario”. Cousa semellante pasa coa reflexión sobre a noción de estrutura social no ámbito nacional, que se critica severamente, á vez que se mantén a crecente importancia de algo parecido a unha estrutura económica “mundial”, “macrorrexional” ou, en todo caso, supranacional. Son estes os límites de boa parte das propostas de instrumentos analíticos para cuestión da globalización, que, malia a moita literatura académica que xerou, aínda podería considerarse incipiente.

(1984) *The Constitution of Society*, Cambridge: Polity Press.

Hannerz, U.

(1987) "The World in creolisation", *Africa*, 57, pp. 546-559.

(1991) "Scenarios for Peripheral Cultures" a King, A. D. (ed.), *Culture, Globalization and the World-System*, Londres: MacMillan.

(1992) *Cultural Complexity. Studies in the Social Organization of Meaning*, New York: Columbia University Press.

Kroeber, A. L.

(1937) "Diffusionism" en Seligman, R. A. i Johnson, A. (eds.), *The Encyclopedia of Social Sciences*, Vol. III, Londres: MacMillan, pp. 139-142.

McBride, S.

(1980) *Un solo mundo, voces múltiples. Comunicación e información en nuestro tiempo*, México: F.C. E./Paris, UNESCO.

Redfield, R. e M. Singer

(1954) "The cultural role of cities", *Economic Development and Cultural Change*, 3, 53-73.

Robertson, R.

(1992) *Globalization: Social Theory and Global Culture*, Londres: Sage.

(1995) "Glocalization: Time-Space and Homogeneity-Heterogeneity" a M. Featherstone, S. Lash i R. Robertson (eds.) *Global Modernities*. Londres, Sage, 1995.

(2001) "Globalization Theory 2000+: Major Problematics" a G. Ritzer i B. Smart (eds.) *Handbook of Social Theory*, Londres: Sage.

Waters, M.

(2001) *Globalization*, Londres: Routledge.